
Obxecto: Solicitude de informe do Estudo de Impacto Ambiental (EIA) e Proxecto Sectorial

Proxecto: Parque eólico Vacaloura

Documentos: Estudo de impacto ambiental (Novembro 2020) e Proxecto sectorial (Novembro 2020)

Localización: Monterroso e Portomarín (Lugo)

Promotor : Green Capital Power, SL

Remitente: Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

S/clave: IN408A 2017/028

Data rexistro: 25.03.2022

Expediente : 03.I.495.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA2432/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 25.03.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación no que, de acordo co artigo 33 da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, se solicita que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira.

A tales efectos achéganse os enlaces para descargar os documentos: *Estudo de Impacto Ambiental. Parque eólico Vacaloura. Novembro 2020* e *Proxecto sectorial. Parque eólico Vacaloura. Novembro 2020*, nos termos municipais de Monterroso e Vilamarín (Lugo).

O 22.07.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia unha instancia remitida polo promotor pola que se aporta documentación complementaria, ante as posibles afeccións visuais desde diversos elementos. Inclúe un escrito xustificativo e o documento nomeado "*Fotomontaxes Parque eólico Vacaloura*".

O 24.10.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación polo que se achega a documentación complementaria aportada polo promotor, a mesma que remitiu o propio promotor o 22.07.2022.

ANTECEDENTES

En relación co proxecto de referencia, atópase nesta Dirección Xeral o seguinte antecedente:

- *Documento de inicio. Parque Eólico Vacaloura. Decembro 2019*, dentro do trámite de consultas de avaliación ambiental ordinaria, informado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural o 08.07.2020.

No dito informe indícase que a avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural completárase con análises visuais desde o BIC Torre de Penas e as igrexas románicas de Penas e Pol.



Respecto á afección sobre o Camiño de Santiago, Camiño Francés e a súa zona de amortecemento, indícase que deberán eliminarse as instalacións situadas no Monte Espiño-Monte de Narón (aeroxeradores V-5, V6, V7, V8 e V9 e torre anemométrica) e analizarase a viabilidade de concentrar a potencia eólica do parque na zona sur, no contorno dos aeroxeradores V1, V2 e V3, situados próximos ao cárcere, xa que a afección sobre o Camiño veríase anulada nesa posición e sempre que non se produza afección física e visual sobre outros elementos do patrimonio cultural.

- O 23.07.2020 a Directora Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar a intervención *Avaliación do Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Proxecto PE Vacaloura (Monterroso e Portomarín, Lugo)*, dirixida pola arqueóloga Lorena Vidal Caeiro da empresa Zeta Arqueoloxía, segundo o presentado por Green Capital Power S.L. en data 29.06.2020. Este proxecto de intervención recibe o código CT 102A 2020/492-0.
- O 24.11.2017 a Directora Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar a intervención *Avaliación do Impacto arqueolóxico do parque eólico Vacaloura (Monterroso e Portomarín, Lugo)*, dirixida pola mesma arqueóloga con código de intervención ED 102A 2017/601-0 na que se avaliou un anterior deseño deste parque.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Lexislación aplicable en relación co patrimonio cultural:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)
- Decreto 227/2011, do 2 de decembro, polo que se aproba a delimitación da ruta principal do Camiño de Santiago, Camiño Francés, desde a entrada no municipio de Pedrafita do Cebreiro ata o límite do termo municipal do Pino, coa excepción do tramo entre o lugar de Amenal e o límite do aeroporto da Lavacolla, no concello do Pino (DOG núm. 237 do 14.12.2011).
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG núm. 150, do 06.08.1997).



- Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm.101, do 27.05.2022).

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise dos documentos:

Estudo de impacto ambiental (EIA)

- Segundo a documentación remitida o obxecto do proxecto é a construción dun parque eólico cunha potencia total de 31,185 MW composto de 7 aerogeradores, modelo Siemens Gamesa SG-145-5.0 ou similar, de altura de buxa 90 m/127,5 m e diámetro de rotor 132 m/145, cunha potencia unitaria de 5,0 MW, limitada a 4,455 MW. Non se especifica a altura e diámetro de rotor que lle corresponde a cada aerogenerador.

Ademais o parque conta coa seguinte infraestrutura asociada: accesos e vieiros interiores, cimentacións, zonas de montaxe de grúas, plataformas de montaxe, zona de amoreamentos e parque de maquinaria, gabias de cableado, subestación eléctrica SET Vacaloura 30/132 kV e torre meteorolóxica de 127,5 m de altura.

A enerxía xerada polo parque evacuarase mediante unha liña aérea de alta tensión (LAT) de 132 kV, obxecto dun proxecto diferente, con inicio na subestación SET Vacaloura 30/132 kV, e que entroncará coa LAT doutro promotor. O punto final é a subestación Belesar 132 kV.

Os accesos exteriores ao parque eólico realizaranse a partir da rede viaria da zona, desde a N-640, con dúas saídas nas proximidades do centro penitenciario de Monterroso cara o viario interior do parque eólico. Dentro da poligonal contéplase o acondicionamento de vieiros existentes e a realización de novos vieiros, cun total de 14 eixos incluídos os accesos.

- No documento ambiental valóranse tres alternativas para a construción do parque eólico, sendo escollida a alternativa 2 dado que, segundo os redactores, é mais favorable desde o punto de vista ambiental e socioeconómico. Cómpre sinalar que a alternativa 3 coincide coa elixida no documento de inicio.
- En relación co **patrimonio cultural**, o apartado 4 *Aspectos ambientais asociados ao proxecto*, punto 4.14 *Patrimonio cultural*, indica que foi realizada unha prospección arqueolóxica no ámbito de estudo, recollendo os seus resultados no Anexo 3.

O apartado 5 *Avaliación de impactos*, punto 5.6.9.1 *Determinación do impacto sobre o patrimonio cultural*, indica que non existen afeccións a elementos patrimoniais de carácter arquitectónico e etnolóxico, nin tampouco afección directa aos camiños de Santiago máis próximos (Camiño francés e Camiño do Norte polo interior).





O apartado 6 *Programa de medidas correctoras*, punto 6.9 *Protección do patrimonio cultural*, recolle unha serie de medidas de protección e remite ao Anexo 3 *Memoria técnica da prospección arqueolóxica intensiva*, no que se detallan estas medidas.

O Apartado 7 *Programa de vixilancia e control ambiental*, no seu punto 7.6.7 *Protección do patrimonio cultural*, inclúense dúas táboas, unha de Prevención de efectos das obras sobre bens do Patrimonio cultural e outra de Supervisión e control arqueolóxico nas que se abordan cuestións relativas ás actuacións, indicadores de seguimento, lugares de inspección, periodicidade, materiais e métodos, valor limiar, medidas a adoptar e documentación xerada.

- Como **Anexo 3** do Estudo de impacto ambiental, achégase a *Memoria técnica da prospección arqueolóxica intensiva*, asinada en setembro de 2021 pola arqueóloga Lorena Vidal Caeiro, da empresa Zeta Arqueoloxía. De acordo con esta memoria, foron identificados no ámbito do estudo, entendido este como a súa poligonal, un total de 37 elementos do patrimonio cultural, 32 de carácter arqueolóxico, 4 de carácter arquitectónico e unha vía cultural.

Os seguintes bens arqueolóxicos situados dentro da área da poligonal son os seguintes: A Finca da Igrexa/Sartego Antropomorfo (GA27032010), Torre de San Miguel das Penas (GA27032011), Medorra da Portela (GA27032012), Medorra da Rozada/Tra-la Serra (GA27032013), Medorra da Piteira/Serra de Novelúa (GA27032014), Medorras da Serra de Novelúa 1 (GA27032015), Medorras de Garamán (GA27032016), O Castro Naval do Castro/As Millaras/Fondevila (GA27032017), Castro Cercio (GA27032018), Medorra de Dentil (GA27032035), Os Castros/Corga Maior/Corga do Castro/Corga (GS27032047)/(GA32049064), Medorra das Kagoas 1 (GA27032048), Medorra da Vacaloura1 (GA27032049), Medorra da Pena do Viso 1 (GA27032050), Medorras da Serra de Novelúa 2 (GA27032081), Medorras da Serra de Novelúa 3 (GA27032082), Medorras da Serra de Novelúa 4 (GA27032083), Medorras das Lagoas 2 (GA27032097), Medorra da Vacaloura 2 (GA27032098), Medorra da Vacaloura 3 (GA27032099), Medorra da Vacaloura 4 (GA27032100), Medorra da Vacaloura 5 (GA27032101), Medorra da Pena do Viso 2 (GA27032102), Medorra 2 de Pena Porreira (GA27049009), Medorra 1 de Pena Porreira (GA27049015), Medorra da Serra de Narón (GA27049016), Petróglifos de Pena Porreira (GA27049051), Castro de San Martiño II (GA2749063), Sartego Antropomorfo (AC27049001), Peneda do Forno dos Mouros/Peneda do Abrigo (RF27049008), Túmulo de Uceira (REF01), Pena da Cruz (TOP01).

A vía cultural é o Camiño de Santiago Francés e os bens arquitectónicos son: Igrexa parroquial de Santa María de Narón (2.1-12), fonte en Narón (3.4-01), cruceiro en Narón (3.5-05) e souto en Narón (4-05).

No apartado 9 do Anexo 3. *Proposta de medidas correctoras* especificase que tendo en conta a existencia de diversos xacementos, e a imposibilidade da revisión minuciosa dalgunhas zonas a causa da vexetación, propóñense unha serie de medidas de carácter xeral:



- Comunicarase con antelación suficiente ao equipo de arqueólogos encargados do control e seguimento arqueolóxico das obras a localización tanto das posibles zonas de acopio ou préstamo, como de calquera outra obra non recollida na planimetría nin no proxecto, en previsión de que posibles elementos patrimoniais, actualmente non identificados, poidan resultar afectados pola execución das obras.
- Levarase a cabo a revisión pormenorizada de todo o replanteo previo as obras para verificar que estas non afecten a elementos do patrimonio cultural non recollidos no presente estudo de impacto.
- Incluíranse nos planos dos responsables de obra os elementos do Patrimonio Cultural e as súas cautelas.
- No caso de localizar novos xacementos ou elementos de interese patrimonial será necesario:
 - Balizado de cada elemento antes do comezo das obras con material que resulte non perecedoiro e que deberá permanecer durante toda a fase de obra e ata que estas finalicen de maneira definitiva.
 - Sinalización dos elementos do Patrimonio Cultural e as súas cautelas na planimetría de obra.
 - Prohibición de calquera tipo de remoción non controlada nas súas inmediacións. As obras no contorno dos xacementos deberán restrinxirse ao proxectado.
 - Recoméndase ademais o control e seguimento de todas as remocións a realizar nas proximidades dos elementos patrimoniais para verificar a existencia ou ausencia de materiais, restos ou estruturas de carácter arqueolóxico ou histórico vinculadas ao elemento.

Dos elementos identificados, 11 deles (10 arqueolóxicos e a vía cultural) estarían no entorno inmediato do proxecto (buffer de 200 m), para os que se valora o impacto e se establecen as seguintes medidas correctoras específicas:

Elemento	Axente de Impacto	Impacto	Medidas correctoras específicas
Medorra da Portela (GA27032012)	Gabia de cableado a uns 66 m ao SE do xacemento	Compatible	Control arqueolóxico presencial de todas as remocións dentro do seu ámbito de cautela
Medorra da Piteira/Serra de Novelúa (GA27032014)	Aeroxerador VC01 a 166 m ao S do xacemento. Fora do ámbito específico do PXOM.	Sen Impacto	





Elemento	Axente de Impacto	Impacto	Medidas correctoras específicas
Medorras das Lagoas 2 (GA27032097)	Vieiro de acceso ao VC04 a 145 m ao SE do xacemento. Pista forestal no lado oposto.	Compatible	Control arqueolóxico presencial de todas as remocións de terra dentro do ámbito de cautela do elemento
Medorra da Vacaloura 4 (GA27032100)	Vieiro de acceso cara a aliñación do VC06 a 30 m ao S do xacemento. Pista forestal existente no lado oposto.	Compatible	Control arqueolóxico presencial de todas as remocións de terra dentro do ámbito de cautela do elemento
Medorra da Vacaloura 5 (GA27032101)	Vieiro de acceso cara a aliñación do VC06 a 134 m ao N do xacemento. Pista forestal existente.	Compatible	Control arqueolóxico presencial de todas as remocións de terra dentro do ámbito de cautela do elemento
Medorra 2 de Pena Porreira (GA27049009)	Vieiro de acceso á máquina VC07 a 60 m ao E da última situación coñecida do xacemento. Pista existente.	Compatible	Control arqueolóxico presencial de todas as remocións de terra dentro do ámbito de cautela do elemento
Medorra 1 de Pena Porreira (GA27049015)	Vieiro de acceso a máquina VC07 a 130 m da última localización coñecida do xacemento. Pista existente.	Compatible	Control arqueolóxico presencial de todas as remocións de terra dentro do ámbito de cautela do elemento
Medorra da Serra de Narón (GA27049016)	Vieiro ao acceso ao aeroxerador VC05 a uns 160 m ao SW do xacemento. Pista forestal, no lado oposto do xacemento.	Compatible	Control arqueolóxico presencial de todas as remocións de terra dentro do ámbito de cautela do elemento
Petróglifos de Pena Porreira (GA27049051)	Vieiro de acceso cara a máquina VC07 a 42 m ao Sur do xacemento. Rectificación de curva sobre pista existente.	Compatible	Control arqueolóxico presencial de todas as remocións de terra dentro do ámbito de cautela do elemento
Pena da Cruz (TOP01)	Vieiro de acceso ao aeroxerador VC05 a 135 m ao SW do topónimo.	Sen Impacto	



Elemento	Axente de Impacto	Impacto	Medidas correctoras específicas
Camiño de Santiago Francés (5.8)	Os aeroxeradores VC04 e VC05 invaden a zona de amortecemento do Camiño, a máis de 3 Km do trazado.	Compatible	Control arqueolóxico presencial nas remocións de terras a realizar dentro da cautela do elemento. Estudo de impacto visual para avaliar a afección producida polas infraestruturas sobre o trazado do Camiño francés.

Varios dos xacementos situados no contorno inmediato das obras considéranse como desaparecidos debido á alteración causada polos traballos agrícolas e forestais realizados na zona nos últimos anos, este sería o caso de:

- Medorras de Pena Porreira (GA27049009 e GA27049015)
- Medorra da Portela (GA27032012)
- Medorra da Piteira/Serra de Novelúa (GA27032014)

Por outro lado o estado da vexetación, ou a súa localización no interior de fincas pechadas impediu verificar o estado de xacementos localización no contorno inmediato das obras

- Medorras da Vacaloura 2 (GA27032098)
- Medorras da Vacaloura 3 (GA27032099)
- Medorras da Vacaloura 4 (GA27032100)

No ámbito da poligonal existen outros xacementos en similar situación, ben considerados desaparecidos ben non verificados en campo.

Documentación complementaria remitida o 22.07.2022 e o 24.10.2022

- A documentación remitida polo promotor, e posteriormente polo Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo, contén recreacións infográficas desde o ben de interese cultural **Torre das Penas** e desde as **igrexas románicas de Penas e Pol**, tal como se requiriu no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 08.07.2020, na fase de consultas ambientais.
- Segundo esta documentación, o conxunto formado pola Torre e igrexa de San Miguel das Penas se atopa arrodeado de vexetación arbórea de alto porte que mitiga considerablemente a visión dos aeroxeradores. Respecto á igrexa de San Cibrao de Pol, sería visible a parte alta dos aeroxeradores, polo que como medida correctora o promotor propón a recuperación dunha fileira de arboredo autóctono, que foi cortada recentemente, na traseira da igrexa, de xeito que se



forme unha pantalla vexetal que minimice a visibilidade dos aeroxeradores desde a fachada da igrexa.

Proxecto sectorial:

- O proxecto sectorial redáctase co fin de ordenar, desde o punto de vista urbanístico e territorial, os terreos afectados pola implantación da infraestrutura do parque eólico Vacaloura.
- Como anexo 2 *Descrición do medio afectado* e como anexo 3 *Afeccións ambientais*, inclúense extractos do estudo de impacto ambiental(EIA), no que se identifican as afeccións producidas polas obras proxectadas e se formulan as medidas preventivas destinadas a minimizar os impactos. O subapartado 1.6.9.1. *Determinación de Impacto dobre o Patrimonio Cultural*, do anexo 3 fai referencia ao Anexo 3 do EIA.

Unha vez analizado o documento pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- O deseño do parque eólico reflectido nos documentos agora remitidos foi modificado respecto do deseño reflectido no documento de consultas ambientais, no senso de eliminar 2 aeroxeradores e recolocar o resto. Asemade, modificáronse as características dos aeroxeradores, mantendo algúns deles a altura total (200 m) do documento de inicio, mentres que para outros sería menor, pero sen identificar cales son.
- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase que dentro da poligonal do parque eólico e no seu contorno existen bens do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras e que son identificados na *Memoria técnica da prospección arqueolóxica intensiva*, incluída como Anexo 3 do EIA, onde se avalía o seu impacto e se propoñen medidas correctoras.
- No referido informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 08.07.2020 indicábase que se debían eliminar as instalacións situadas no Monte Espiño-Monte de Narón (aeroxeradores V-5, V6, V7, V8 e V9 e torre anemométrica) xa que se proxectaban dentro da zona de amortecemento do Camiño Francés. No novo deseño, esta aliñación de 5 máquinas quedou reducida a 4, e destes 4 aeroxeradores, un deles (A04) segue a manterse dentro da zona de amortecemento, mentres que o A05 e A06 sitúanse no límite da zona e o A07 e a torre anemométrica sitúanse claramente fóra.

O aeroxerador A04, situado apenas a 2,2 Km da traza do Camiño Francés, na zona de maior altitude do contorno en cota 760 m, resultará claramente visible desde o tramo do Camiño que discorre entre Gonzar-Castromaior-O Hospital-Vendas de Narón. O ámbito paisaxístico asociado ao Camiño de Santiago verase afectado xa que esta máquina acadaría unha presenza moi significativa na paisaxe desde puntos singulares do Camiño. Asemade, os accesos ata este



aeroxerador, aínda que en grande parte van por camiños existentes, terán que ser ampliados e rectificados para que pasen os vehículos especiais. Tamén a plataformas de montaxe suporán movementos de terras e alteración visible da topografía.

Respecto ás máquinas A05 e A06, emprázanse fóra desta zona de respecto, aínda que ao estar no límite, parte das plataformas de montaxe executaríanse dentro. Tendo en conta que as distancias son superiores aos 3 Km, o posible impacto visual non sería tan significativo.

- No que respecta á afección visual desde o BIC Torre de Penas e as igrexas románicas de Penas e Pol, na documentación complementaria achegada se inclúen infografías e propóñense medidas correctoras na igrexa de Pol para aminorar a visibilidade dos aeroxeradores.
- Unha parte dos xacementos situados nesta zona non estaban correctamente localizados nas fichas existentes na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, algo que resultaba especialmente notorio no caso dos túmulos. Hai que entender que estamos nunha zona na que existían prospeccións moi antigas para as que non se usaba unha metodoloxía moi precisa de xeolocalización dos elementos patrimoniais, estes fallos resultan especialmente evidentes na coordenadas, con amplas desviacións, pero tamén ás veces na situación sobre planimetría. Por outra banda, estamos ante unha comarca na que existiron, nos últimos 30 anos, intensas modificacións da superficie do terreo, asociadas a tarefas agrícolas e forestais, coa creación de amplos pasteiros e a súa posterior reconversión, en moitos casos, en zonas de repoboación forestal. A conxunción de ambos factores levou a considerar como desaparecidos numerosos xacementos, mantendo a súa hipotética localización. Esta serie de erros na situación dos bens arqueolóxicos foi recollida na planimetría de planeamentos municipais, pasando tamén en varios casos ao Plan Básico Autonómico de Galicia (PBA), na planimetría do visor de aproveitamentos forestais e por último na documentación arqueolóxica que acompaña ao EsIA.
- Tras unha exhaustiva análise dos modelados dixitais do terreo, da fotografía aérea histórica e da realización dunha nova lectura das fichas do ano 1992, en especial as súas descrições de accesos, resulta posible localizar varios xacementos, que ata agora estaban considerados como desaparecidos. Así no caso das medorras de Pena Porreira (GA27049009 e GA27049015) resulta posible observar que se conservan evidencias a uns 106 metros ao nordeste do punto marcado no PBA, casualmente no mesmo punto indicado no plano da ficha antiga. As obras previstas para a construción do Vial ao aeroxenerador A5 quedan situadas, deste xeito, apenas a 15 metros ao suroeste do túmulo, mentres a plataforma do aeroxenerador quedaría a 165 metros ao sur.
- Algo similar ocorre coa Medorra da Portela GA27032012, considerada como desaparecida, tanto nos resultados da prospección como no planeamento municipal, e que aparentemente estaría situada a uns 300 metros ao suroeste (coordenadas UTM ERTS89 fuso29N, X: 599899, Y:4740228).



- Esta serie de problemas na situación dos xacementos leva a poñer en dúbida a correcta situación doutros elementos que se localizan no interior da poligonal, e que se consideran como destruídos, ou difíciles de identificar sobre o terreo polo seu estado de degradación actual.
- Varios dos túmulos da Necrópole de Vacaloura non puideron ser verificados en campo, usándose a situación recollido no PBA para calcular a súa relación coas obras, isto resulta especialmente problemático no caso da Medorra da Vacaloura 4 (GA27032100), xa que a uns 30 metros ao sur da súa hipotética localización están proxectadas obras de acondicionamento dun vial.
- Non se concreta o acceso ao parque eólico dende fóra da poligonal, nin as actuacións que serán necesarias para acondicionar estes accesos, polo que non se pode valorar as afeccións aos elementos do patrimonio cultural que poidan verse afectados polas actuacións de adecuación.
- Respecto ao proxecto de interese autonómico, compróbase que os datos que se aportan, no que respecta ao alcance da actuación e localización das infraestruturas do parque eólico, coinciden cos datos do EIA. Non obstante, na planimetría de ordenación proposta non aparecen grafados a totalidade dos bens do patrimonio cultural recollidos no anexo 3 *Memoria técnica da prospección arqueolóxica intensiva*.

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

En atención ao expresado no apartado anterior, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, estímase, por parte desta dirección xeral que o proxecto do parque eólico Vacaloura debe modificarse e completarse no seguinte senso:

- Deberá eliminarse o aeroxerador A04, que se localiza na zona de amortecemento do camiño francés, en cumprimento do requirido no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 08.07.2020.
- Rectificaranse as plataformas e demais obras necesarias para a execución dos aeroxeradores A05 e A06 de xeito que non invadan a dita zona de amortecemento.
- Aclararase cales son as características definitivas de cada unha das máquinas (altura de buxa e diámetro de rotor) xa que nos documentos non o especifica e fálase de dúas alturas e dous diámetros de rotor.
- Recomendase á diminución da altura de buxa das máquinas A02 e A03, pola afección visual producida sobre o BIC Torre das Penas e as igrexas románicas de Penas e Pol ou ben complementar a plantación de arboredo autóctono existentes, de xeito que se mitigue de forma significativa o impacto visual producido polas infraestruturas proxectadas sobre os bens



patrimoniais anteditos.

- Deberá de verificarse a correcta situación das Medorras de Pena Porreira (GA27049009 e GA27049015), revisándose a zona marcada nas fichas históricas, especialmente no contorno do punto visible na fotografía aérea, entre os anos 2002 e 2017, situado nas coordenadas UTM (ERTS89 fuso29N) X: 602.583 Y: 4.740.343. Revisarase de xeito intensivo toda a zona e, no caso de contrastar en campo os datos visibles na fotografía histórica, proxectarase unha alternativa ao actual deseño do vieiro.

Do mesmo xeito, e unha vez verificada a existencia, ou non, de restos dos túmulos actualmente considerados como desaparecidos, deberá enviarse a posición definitiva da plataforma e acopios do aeroxerador A5.

- Na zona das Medorras de Vacaloura será necesario verificar a correcta localización destas sobre o terreo, cando menos daquelas que poidan verse afectadas na súa área de protección polas futuras obras como a Medorra da Vacaloura 4 (GA27032100).
- Do mesmo xeito que se solicita nos puntos anteriores, realizarase un labor de localización e verificación sobre o terreo de todos os xacementos que se sitúan no contorno de 200 metros das obras, asegurándose de que non se atopen noutro punto da poligonal, e daranse oficialmente por desaparecidos aqueles que se consideren como tales.
- Por outra banda ao non concretarse os accesos ao parque eólico fóra da poligonal, nin as actuacións que serán necesarias para acondicionar estes accesos, lémbrese que resulta preceptiva a realización dunha prospección arqueolóxica de todo o ámbito afectado por obras relacionadas con estes accesos ao parque desde fóra da poligonal. Esta intervención arqueolóxica deberá de realizarse por arqueólogos/os competentes autorizadas/os por esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc..). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.



Con respecto do proxecto sectorial adiántanse as seguintes medidas

- Deberá incorporar todas as modificacións no deseño do parque eólico, que deberán de reflectirse nas planimetrías correspondentes. Asemade deberá completarse coa totalidade do inventario dos bens identificados no estudo, todas as valoracións de impacto sobre os mesmos e a proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental a raíz destes cambios. As modificacións do proxecto executivo e do estudo de impacto ambiental deberán recollerse para que haxa correspondencia entre todos os documentos.
- Os contornos de protección dos bens arqueolóxicos serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, especialmente naqueles casos nos que a situación nos planeamentos non sexa correcta, os contornos establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberán referirse as normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- Asemade os concellos afectados deberán integrar os novos xacementos arqueolóxicos, unha vez identificados e contrastados, ao tempo que se deben de retirar aquelas referencias ou elementos que xa está verificadas como inexistentes dos catálogos urbanísticos de protección. Tamén deberán de definirse e cartografarse seus contornos de protección e retirar os elementos sen interese arqueolóxico das planimetrías de ordenación.

A directora xeral de Patrimonio Cultural

P.S. Decreto 119/2022, do 23 de xuño (DOG núm.126, o 4 de xullo)

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

